

ELABORACIÓN DO POD DE GRAO DO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

Completados os procesos de elaboración dos POD de máster e de revisión dos recoñecementos docentes, os departamentos poden elaborar o POD de grao do curso académico 2024/2025. O prazo para remitiren as propostas de POD a esta vicerreitoría comezará o **27/05/2024** e rematará o **12/06/2024**. Prégaselles que programen os necesarios Consellos de Departamento (ou Comisións Delegadas) de acordo con este prazo.

A partires da información existente na aplicación de xestión SIGMA, o día 27/05/2024 farase chegar aos departamentos e ás unidades departamentais un conxunto de follas Excel cos datos de capacidade e de carga docente de cada departamento, e que poderán empregar para recoller os datos de asignación de docencia e coordinación de materias. Tamén se lles fará chegar unha ligazón a un cartafol de Office 365 no que deberán gardar, antes do remate do devandito prazo, a seguinte documentación, empregando os impresos dispoñibles no enderezo web <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/plan-ordenacion-docente> :

- A folla Excel de cada departamento, ou documento alternativo que conteña a mesma información de asignacións de docencia e identificación de coordinadores/as de materias. Poderase entregar tamén un documento de texto con aclaracións ou observacións a ter en conta pola vicerreitoría no proceso de subida da información a SIGMA.
- Se procede, os impresos de incorporación ao POD de persoal investigador.¹
- Se procede, os impresos de renovación (xunto cos certificados correspondentes) ou de non renovación do profesorado asociado LOU.
- Se procede, os impresos de continuidade (xunto cos certificados correspondentes) ou de non continuidade do profesorado asociado LOSU.
- Se procede, o impreso de solicitude de profesorado visitante/lector.
- Un ficheiro PDF obtido a partir da folla Excel coa sinatura dixital da dirección do departamento ou da comisión delegada correspondente. No caso de remitirse un documento alternativo, deberá constar a data de aprobación da proposta de POD e asinarse igualmente.

Docencia en inglés

As materias ou grupos con docencia en inglés deberán asignarse necesariamente entre o profesorado que posúia a acreditación requirida. Os departamentos tratarán de garantir a prioridade do profesorado implicado que así o desexe para a impartición desas materias durante tres cursos académicos.

Docencia de novas titulacións

No caso de materias de novas titulacións de grao adscritas ao departamento e pendentes de verificación, deberase asignar profesorado á espera de que finalmente se autorice a súa impartición para o curso académico 2024/2025. No caso de que isto finalmente non ocorrese, farase a correspondente modificación de POD.

Profesorado en idade de xubilación

O profesorado do departamento que cumpra 60 ou máis anos durante o curso académico 2024/2025 deberá repartir a docencia entre os dous cuatrimestres no caso de pretender solicitar a xubilación durante o curso. De non cumprir co establecido neste parágrafo poderá denegarse a solicitude de xubilación voluntaria por necesidades docentes.

Novas prazas de Axudante Doutor/a

As solicitudes de novas prazas de profesorado axudante doutor realizáronse segundo os acordos que resolveron a convocatoria de novas prazas de profesorado axudante doutor e a convocatoria do plan de estabilización e promoción de profesorado asociado para o curso académico 2024/2025 (acordos da COAP do 03/05/2024). A asignación de docencia a estas prazas poderá reflectirse nas follas Excel na columna "AXD".

¹ Para o curso académico 2024/2025 creouse un impreso único no que recoller solicitudes de incorporación e indicacións de simultaneidade de docencia. Os departamentos que, no momento de publicarse esta instrución, xa tiveran preparados os impresos segundo os modelos de cursos anteriores, poderán remitirlos á vicerreitoría igualmente.



Persoal investigador con presenza no POD

A solicitude de incorporación de persoal investigador no POD deberá realizarse no momento de elaboración do POD ou no prazo do 20 de decembro de 2024 ao 20 de xaneiro de 2025. En caso de circunstancias sobrevidas poderase solicitar a incorporación noutros períodos do curso académico.

- O persoal investigador predoutoral deberá incorporarse ao POD simultaneando docencia.
- O persoal investigador posdoutoral poderá incorporarse sen simultanear se existen necesidades docentes.

Soamente se poderá enviar un impreso de incorporación por investigador/a.

Durante o curso académico poderase solicitar, como máximo, unha modificación na docencia simultaneada por investigador/a.

Non poderá simultanear máis dun membro do persoal investigador a mesma docencia presencial cun/ha profesor/a e non poderá figurar nun grupo dunha materia simultaneando e sen simultanear.

Non caso de concederse pola vicerreitoría grupos de tipo O, non poderá incorporarse a eles persoal investigador que estea obrigado a colaborar simultaneando docencia.

Cobertura de docencia vacante

Os departamentos nos que a carga docente exceda a capacidade docente poderán asignar docencia ao seu profesorado permanente para o seu recoñecemento no curso académico 2025/2026, previamente á contratación de profesorado segundo se establece nas normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo (acordo do Consello de Goberno do 03/04/2024).

O departamentos poderán tamén, previamente á contratación de profesorado, asignar docencia ao seu profesorado permanente por necesidades temporais de docencia xeradas por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario para o seu recoñecemento no curso académico 2025/2026.

As horas impartidas a maiores (cun mínimo de 10 horas) recoñeceranse cun 10% adicional.

Mobilidade intercampus

Nos casos nos que un departamento teña un déficit significativo entre a carga docente e a capacidade docente do seu profesorado a tempo completo nun campus e superávit noutro, previamente á contratación de profesorado poderanse establecer mecanismos de mobilidade voluntaria entre campus, nos termos fixados nas normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

Outras prazas de profesorado contratado

Para o caso de que un departamento precise solicitar outras prazas de profesorado contratado, existen as seguintes opcións:

- **Profesorado asociado**^{2,3}, con dedicación de 90 horas (P3) ou 120 horas (P4) para contratos anuais, e de 45 horas (P3) ou 60 horas (P4) para contratos cuatrimestrais.
- **Lectores/as de idiomas**, con dedicación de 90, 120, 150, 180, 210, 240 ou 270 horas para contratos anuais, ou ben a metade desas dedicacións para contratos cuatrimestrais.
- **Profesorado visitante**, con dedicación de 120 horas para contratos cuatrimestrais ou de 240 horas para contratos anuais.
- **Profesorado de substitución por listas de agarda**, con dedicación de 90 horas (P3), 120 horas (P4), 150 horas (P5) ou 180 horas (P6) para contratos anuais, e de 45 horas (P3), 60 horas (P4), 75 horas (P5) ou 90 horas (P6) para contratos cuatrimestrais.

² Todo o profesorado asociado con docencia no curso académico 2023/2024 aparecerá nas follas Excel dos departamentos, con independencia de que proceda ou non proceda continuar/renovar.

³ O profesorado asociado LOSU estará vinculado ás materias para as cales foi contratado.



A solicitude e asignación de docencia a estas figuras poderá reflectirse nas follas Excel en columnas con códigos ao efecto –por exemplo, “A3P41C” para asociado (“A3”) con dedicación de 120 horas (“P4”) e contrato no primeiro cuadrimestre (“1C”).

As instrucións para efectuar as contratacións por estas figuras transmitiránse nunha fase posterior, unha vez aprobados os POD pola COAP.

O profesorado asociado, visitante ou lector poderá continuar/renovar nas mesmas condicións e coa mesma dedicación se as necesidades docentes así o xustifican e se verifican as seguintes condicións:

- O **profesorado asociado** deberá seguir acreditando o exercicio da actividade profesional fóra do ámbito académico universitario (art. 85 dos Estatutos da Universidade de Vigo). Xunto coas propostas de renovación ou continuidade para o curso académico 2024/2025 achegarase a seguinte documentación:
 - No caso de traballos por conta allea: certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - No caso de traballos por conta propia: certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se para a actividade profesional que se exerce non resulta obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da Seguridade Social: certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.
- Os contratos de **lectores/as de idiomas** que xa foran renovados para o curso académico 2023/2024 non poden ser prorrogados no curso 2024/2025.
- Os contratos do **profesorado visitante** cunha antigüidade (continua ou descontinua) de dous cursos académicos na Universidade de Vigo non poden ser renovados.

Información e soporte

As consultas xurdidas durante o proceso de elaboración do POD, tanto de índole técnica como normativa, haberán de dirixirse preferentemente á conta de correo soporte.pod@uvigo.gal. Atenderase tamén nas liñas telefónicas da vicerreitoría: 813435 e 813595.

Asinado dixitalmente en Vigo.

O vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica.

Martín López Nores

DIRECTORES/AS DOS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

